



DATOS IDENTIFICATIVOS

Diseño Curricular e Organización de Centros Educativos

Materia	Diseño Curricular e Organización de Centros Educativos			
Código	V02M066V07103			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Sector Primario e Secundario			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Pino Juste, Margarita Rosa			
Profesorado	Cid González, Antonio Pedro Fernández Rodicio, Clara Isabel Pino Juste, Margarita Rosa			
Correo-e	mpino@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	El curriculum es el eje sobre el que se desarrolla la labor educativa, tanto en los aspectos conceptuales (concepciones, componentes, niveles, etc.) como en los procedimientos (procesos de diseño, puesta en práctica, evaluación, etc.). De ahí la importancia del dominio de los contenidos que vamos a trabajar en este modulo.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
A2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
A3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursadas.
A5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.
A6	Diseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
A7	Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.

A8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
A9	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos.
A10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
A11	Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.
A12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación.
A13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino.
A16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
A18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
A27	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A28	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A31	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
A32	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A33	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A35	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A37	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A38	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A40	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Diseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o curriculum oficial ao contexto sociocultural	saber saber facer	A2 A3 A5 A6 A7 B1 B2
Programar e implementar procesos de avaliación: coñecemento e habilidade da implementación de procesos evaluativos.	saber saber facer	A1 A4 A5 A11 A13 A32 A33 B3
Utilizar diferentes metodoloxías en función do proceso de E-A, adecuando os aspectos, procesos e criterios metodolóxicos a cada situación de E/A	saber facer	A6 A7 A8 A9 A10 B1 B2

Establecer procesos de mellora do proceso de E/A: analizando a interacción profesor alumnos como base para o establecemento de novas estratexias de acción programadora durantela realización do proceso E/A.	saber facer Saber estar / ser	A1 A4 A5 A8 A11 A12 A16 B2
Construir e seleccionar materiais didácticos adecuando estes ao saber facer do alumnado	saber saber facer	A27 A31 A32 A35 A37 A38 A40 B1 B2
Crear diseños curriculares segundo diferentes modelos, proxectando, en cada caso a toma de decisións dunha forma auto-reflexiva e crítica.	saber facer Saber estar / ser	A7 A12 A18 A27 A28 B3
Dominar as diferentes técnicas e tipos de avaliación e responsabilizarse cos procesos avaliativos.	saber facer Saber estar / ser	A1 A4 A5 A11 A13 A32 A33 B3

Contidos

Tema

1. Bases conceptuais e lexislativas.	Curriculum e teorías curriculares Orientacións teóricas do curriculum Modelos de curriculum Bases lexislativas
2. Organización de centros Educativos	Organización do Alumnado Organización do profesorado e liderazgo Organos Colexiados do centro escolar Documentos Institucionais
3. Compoñentes didácticos	Competencias Obxectivos: Tipos e redacción Contidos: Selección e secuenciación Metodoloxía: principios e estratexias Actividades: organización da aula e secuenciación das actividades Recursos didácticos Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	11	22	33
Proxectos	0	30	30
Prácticas autónomas a través de TIC	0	14	14
Sesión maxistral	11	22	33
Traballos e proxectos	0	2.5	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Traballos de aula	Durante as clases presenciais realizaranse exercicios concretos coa finalidade de que o alumnado adquiera a consolidación de determinados procedementos que máis tarde deberán formalizar de forma autónoma no proxecto. Cada alumno presentará ao final do curso as seguintes evidencias: 1.- Redacción dunha orde do día dunha reunión de departamento 2.- Redacción dun acta dunha reunión semanal de departamento 3.- Diseño dunha unidade didáctica facendo especial fincapé nos apartados de metodoloxía e avaliación 4.- Glosario de termos e mapa conceptual de documentos traballados (Máximo cinco follíos)
Proxectos	Utilizarase como metodoloxía base o Aprendizaxe Basado en Proxectos ou Project Based Learning (PBL). Trátase dunha metodoloxía didáctica que utiliza metodoloxías activas e colaborativas cuxo obxectivo é que o alumnado alcance o dominio dos contidos mediante a realización dun proxecto deseñado polo profesor. Siguiendo a Edwards (2000) o proceso para levar a cabo o deseño por proxectos é o seguinte: * Planificación da investigación * Selección do tema * Recollida da información * Aplicación * Análise de datos * Informe * Seguimento e avaliación O proxecto consistirá na elaboración dunha unidade didáctica que se realizará individualmente ó longo do curso. Cada elemento curricular desta unidade terá un apartado teórico de fundamentación e análise que se realizará a través de consultas documentais e bibliográficas e tamén un apartado de deseño curricular. As diferentes fases do proxecto concretaranse nun produto escrito no ordenador para incorporar na plataforma. A profesora ofrecerá posibles temáticas para a unidade didáctica. A elaboración do proxecto terá varias fases que coinciden co deseño dos elementos curriculares dunha unidade didáctica. Para desenvolver o proxecto o alumnado terá en conta as explicacións teóricas da profesora e o traballo en equipo cos compañeiros onde se realizará unha retroalimentación do proceso para corrixir o antes posible os posibles erros no desenvolvemento do proxecto
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizaranse prácticas autónomas a través de diferentes plataformas didácticas
Sesión maxistral	Durante as sesións maxistras realizaranse as explicacións teóricas do tema e aclararanse as dúbidas surtidas durante a elaboración do proxecto. O alumnado disporá dun texto base de guía e axuda.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	
Proxectos	

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Califícanse as actividades realizadas na aula para comprobar a consolidación das aprendizaxes e realizar unha retroalimentación positiva.	20
Proxectos	Cada alumno presentará a programación dunha unidade didáctica. Poderá elixir a temática e o curso de implementación.	80

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación desta asignatura desenvólvese en varios niveis e dimensións. Partindo do marco xeral das competencias, é dicir, das capacidades, a avaliación intentará recoller e valorar aqueles aspectos relacionados co alumnado respecto de: campo dos coñecementos, campo dos procedementos, campo actitudinal e campo relacional.

Entendemos que o equilibrio estará en que o alumnado acabe por dominar estas catro grandes dimensións que dalgunha forma contribuirá a que se forme de xeito integral.

A avaliación está deseñada en función das seguintes características: formativa, continua, integral e final. Polo tanto, afecta a todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación do proxecto terá dous aspectos: por un lado a xustificación teórica dos distintos elementos curriculares

traballados e por outro o seu deseño. Para avaliar o proxecto seguiranse as seguintes normas:

1.- Utilización dos coñecementos disponibles nos documentos traballados na aula para contrastar as propias ideas, apoialas e fundamentalas. Comprensión das ideas básicas contidas nos materiais utilizados e analizados.

2.- Expresar correctamente as ideas propias, argumentadas e demostrar capacidade de escoita e receptividade.

3.- Crítica razonada de posicións e feitos fundamentados con argumentos utilizando un vocabulario técnico propio da materia.

4.- Claridade expositiva, habilidades de comunicación, estrutura da presentación traballada na aula.

5.- Estructura lóxica das ideas.

6.- Utilización e manexo das TIC.

7.- Adecuación e coherencia entre as actividades prácticas e os contidos teóricos.

8.- Calidade das aportacións e expresións de ideas innovadoras, contribucións no traballo en grupo, compromiso nas diferentes tarefas.

9.- Formulación dos obxectivos didácticos, adecuación a idade, o tempo, etc.

10.- Selección do tema, secuenciación dos contidos o longo da unidade didáctica, adecuación a idade, o tempo, etc.

11.- Selección das actividades, creatividade na súa elaboración, adecuación a idade e a temporalización.

12.- Deseño innovador de recursos.

13.- Selección das estratexias de avaliación: actividades de avaliación, tipos e técnicas de avaliación, deseño de instrumentos, etc.

O seguimento dos grupos de traballo convértese unha ocasión privilexiada para introducir, por parte da profesora, aspectos actitudinais (cooperación, responsabilidade profesional, motivación polo traballo de mestre, etc.). Do mesmo xeito, en algunhas fases do proxecto pídeselle ao alumnado que valoren o seu propio traballo (autoavaliación) ou o traballo dos demais compañeiros (coavaliación) para facer unha retroalimentación do proceso que permita solventar os erros na aprendizaxe o antes posible.

Para a valoración de traballo en grupo o alumnado debe cubrir unha matriz de autovaloración que estará dispoñible na plataforma.

Bibliografía. Fontes de información

CANTÓN MAYO, I. y PINO JUSTE, M.R., **Diseño y desarrollo del currículum.**, Alianza editorial.,

CANTÓN MAYO, I. y PINO JUSTE, M., **Organización de centros educativos en la sociedad del conocimiento**, Alianza,

ANTÚNEZ, S. Y GAIRÍN, J., **La organización escolar. Práctica y fundamentos.**, GRAO,

BARBERA ALBALAT, V. (1999). Normas para la elaboración del Proyecto Curricular. Madrid: Escuela Española.

BARKLEY, E.F.(2007). Técnicas de aprendizaje colaborativo: manual para el profesorado universitario. Madrid: Morata.

CANTÓN MAYO, I. (2004). Planes de mejora en los centros educativos. Málaga: Aljibe.

DÍAZ ALCARAZ, F. (2002). Didáctica y currículo. Un enfoque constructivista. Ediciones de la Universidad de Castilla-la Mancha.

FUEGUEL, C. (2000). Interacción en el aula. Estudio de casos. Madrid: Escuela Española.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. T. (1998). Modelos teóricos de Organización Escolar. Murcia: DM.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M.T., NIETO J.M. y PORTELA A. (2003). Organización y Gestión de Centros Escolares: dimensiones y procesos. Madrid. Pearson Educación, S.A.

LORENZO, M. (1995). Organización escolar. La construcción de la escuela como ecosistema. Madrid: Ediciones Pedagógico.

MEDINA RIVILLA, A. y SALVADOR MATA, F. (Coords.) (2002). Didáctica general. Madrid: Prentice Hall.

MORENO OLMEDILLA, J.M. (2004). Organización y Gestión de centros educativos. Madrid: UNED.

MUÑOZ REPISO, M. (2003). Mejorar procesos, mejorar resultados en educación. Madrid: MEC.

VARIOS (2008). Didáctica general: la práctica de la enseñanza en Educación Infantil, Primaria y Secundaria. Madrid: McGraw-Hill Interamericana de España. BOLIVAR, A. (2000). Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Madrid: La Muralla

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Orientación e Función Titorial/V02M066V02101

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/V02M066V02102

Investigación e Innovación na Educación Secundaria/V02M066V02205